

ORALIDADE

TRABALINGUAS NECESARIOS PARA O EXERCICIO 7

Unha pérgara, márgara, pérgara, pírgora:
se non fora pérgora, mérgora, párgora,
non era pírgora, mérgora, párgora.

Sei dun neno dunha cecigaciña con cinco cecigaciños.
Como farei para desencecigaciñar a cecigaciña dos cinco cecigaciños?

Catro bois e catro vacas
tiran terra costa arriba:
non hai home nesta terra
que catro veces o diga.*

**[Teñen que dicilo catro veces todo seguido sen coller aire.]*

Cinco figafarzos novos afigafarzaron á figafarza vella; veu o figafarzo vello e afigafarizou os cinco figafarzos novos e máis a figafarza vella.

Unha poldra parda preta
trouxo un poldro pardo preto.

Dixo a poldra parda preta ao poldro pardo preto:

"Trepá pouco,
poldro pardo preto,
trepá pouco."

As táboas do meu balcón
moi mal entrabicuadrilladas son:
vou chamar ao entrabicuadrillador
que as desentrabicuadrille e as volva entrabicuadrillar mellor.

Se por te querer tanto
queres que te queira máis,
quérote máis que me queres:

que máis queres?; queres máis?

Pouco a pouco,
Paco Peco,
pouco pico!

Polo mar abaixo van dúas taboletiñas,
mal maravín con coleadas:
que veña o señor maravín con coleador
que as maravín colee mellor.

Non me mires, que miran que nos miramos.
Miremos a maneira de non mirarnos.
Non nos miremos e, cando non nos miren, nos miramos.

Nun xuncal de xunqueira xuncos xuntaba Xulián.
Xuntouse Xuán a xuntalos e xuntos xuncos xuntaron.

A miña moza ten unha saia irelada, perlada e repiquetallada.
Hei de chamar ao tallador para que lla repiquetalle mellor.

Teño unha saia irelada, perlada, repiquetallada.
O que ma irelou, perlou e repiquetallou
non ma soubo irelar, perlar e repiquetallar.
Hai que chamar ao irelador, perlador e repiquetallador
para que ma veña a irelar, perlar e repiquetallar mellor.

Acolá arriba naquel taboado
había un conco colgado no cravo.
Cravo no conco,
conco no cravo,
acólá arriba naquel taboado.

Na canle do muíño collín cordóns, cordóns collín.*

**[Hai que repetilo moitas veces seguidas aguantando a respiración.]*